

## GCIENCIA

### Pandemias doutra época: a peste negra en Galicia de 1348

*A bacteria **Yersinia pestis** entrou por Baiona nas costas dunha rata negra e a súa devastación aniquilou un terzo da poboación do país*

Por Eduardo Rolland – 16/03/2020

A peste negra foi unha das grandes catástrofes sanitarias da historia. Percorreu milleiros de quilómetros para chegar de Asia ata Europa. En **Galicia**, entrou por Baiona a comezos de 1348. En poucos meses, a epidemia da morte negra estendeuse por todo país, aniquilando a un terzo da súa poboación. A bacteria **Yersinia pestis** chegou no corpo dunha pulga, que viaxaba sobre unha **rata negra**, que ía como polisoa nun barco que recalou ao porto baionés. O brote desatouse probablemente cando ese pequeno roedor se deslizou por unha maroma para facer turismo pola Real Vila. Levaba consigo a **peste negra**, un dos brotes infecciosos máis mortíferos da historia da Humanidade.

Aquela rata e aquel ano de **1348** cambiaron a historia de Galicia. E de medio mundo. Porque a gran epidemia da peste negra non só aniquilou un bo número de galegos do século XIV, senón que revolucionou a sociedade, propiciando o gran cambio da **Idade Media** cara á **Idade Moderna**. Nunca un pequeno bacilo fixo tanto por retorcer a historia do mundo.

En Galicia, todo empezou con aquel pequeno roedor que, por fortuna, hoxe en día apenas poderíamos atopar. Porque a **rata negra (rattus rattus)** está agora case desaparecida da Europa occidental. Pero naquel **século XIV** era o gran vector que propagaba as enfermidades, xa que ten hábitos máis **domesticados** e proclives ás persoas. A saúde europea mellorou cando foi substituída pola **rata gris (rattus norvegicus)**, que é a que vemos hoxe e que se amosa máis fuxidía e remisa a cruzarse cos humanos.

A ruta da peste ata **Baiona** fora longa. Nada menos que **Genghis Khan** desatara o brote un século antes, cando o caudillo mongol invadiu China, onde nunha rexión do Himalaia hai ratas negras portadoras da peste de forma endémica. Os guerreiros do Gran Khan estenderon logo a enfermidade por toda **Eurasia** ata chegar a **Ucraina**. E tamén pola ruta da seda arribou ás grandes metrópoles europeas como Constantinopla ou Venecia.

Logo foi cuestión de tempo que a epidemia avanzase de porto en porto ata que en 1348 recalou na **ría de Vigo**. No verán de 1348 a enfermidade xa estaba en **Compostela**.

1. Busca o significado das seguintes palabras: pandemia, polisón, maroma, epidemia, aniquilando, propiciando, bacilo, fuxidía, remisa, brote, arribou, metrópole.
2. Busca as palabras anteriores na lectura e sublíñaas.
3. De que pandemia nos fala a lectura?
4. Quen provocou a pandemia?
5. Que foi a Peste Negra?

6. Onde empezou a epidemia? Cantos quilómetros recorreu para chegar aquí?
7. Por onde entrou en Galicia a Peste Negra? En que ano? En que século?
8. Como chegou a bacteria aquí?
9. De que tres animais nos fala a lectura?
10. En que provincia de Galicia está Baiona?
11. Que cidade galega está cerca de Baiona?
12. Que océano baña as dúas localidades?
13. Pescuda que distancia hai entre elas.
14. Que fracción da poboación viuse afectada pola pandemia? Que fracción non se viu afectada?
15. De que conquistador mongol nos fala a lectura?
16. Con que país limita Mongolia ao norte? E ao sur?
17. Neste vídeo podes coñecer quen foi Genghis Khan:  
<https://www.muyhistoria.es/edad-media/video/la-leyenda-de-gengis-kan>
18. Quen estendeu a enfermidade por Europa?
19. Aproximadamente, canto tardou a enfermidade en chegar de Baiona a Compostela?
20. Constantinopla é o nome histórico de que cidade?